ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR SAN MIGUEL
CURSO: CFGB SERVIZOS ADMINISTRATIVOS
MÓDULO: Comunicación e Sociedade I
DEPARTAMENTO: Comunicación e Sociedade.
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
COMUNICACIÓN EN LINGUAS GALEGA E CASTELÁ I	
CA1.1 Analizouse a estrutura de textos orais procedentes dos medios de comunicación de actualidade e identificáronse as súas características principais	RA1. Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral en lingua galega e en lingua castelá, aplicando os principios de escoita activa, estratexias sinxelas de composición e as normas lingüísticas básicas.
CA1.2 Aplicáronse as habilidades básicas para realizar unha escoita activa, identificando o sentido global e os contidos específicos dunha mensaxe oral	
CA1.3 Realizouse un bo uso dos elementos de comunicación non verbal nas argumentacións e nas exposicións	
CA1.4 Analizáronse os usos e os niveis da lingua e as normas lingüísticas na comprensión e aplicáronse na composición de mensaxes orais, e revisáronse e eliminároнse os usos discriminatorios, nomeadamente nas relacións de xénero	
CA1.5 Utilizouse a terminoloxía gramatical axeitada na comprensión das actividades gramaticais propostas e na súa resolución	RA2. Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo.
CA2.1 Valoráronse e analizáronse as características principais dos tipos de textos en relación coa súa idoneidade para o traballo que se desexe realizar e en función da súa finalidade	
CA2.2 Utilizánronse diversas ferramentas de procura na comprensión dun texto escrito, aplicando estratexias de reinterpretación de contidos	
CA2.3 Aplicáronse sistematicamente estratexias de lectura comprensiva na interpretación dos textos, extraendo conclusións para a súa aplicación nas actividades de aprendizaxe e recoñecendo posibles usos discriminatorios desde a perspectiva de xénero	
CA2.4 Resumiuse o contido dun texto escrito, extraendo a idea principal, as secundarias e o propósito comunicativo, e revisáronse e reformuláronse as conclusións obtidas	
CA2.5 Analizouse a estrutura de textos escritos de utilización diaria, recoñecendo usos e niveis da lingua, e pautas de elaboración	
CA2.6 Aplicáronse as principais normas gramaticais e ortográficas na redacción de textos, de xeito que o texto final resulte claro e preciso	
CA2.7 Utilizouse o léxico específico da familia profesional do título	RA2. Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información

CA2.8 Desenvolvéronse pautas sistemáticas na elaboración de textos escritos que permiten a valoración das aprendizaxes desenvolvidas e a reformulación das necesidades de aprendizaxe para mellorar a comunicación escrita	escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo.
CA2.9 Seguíronse pautas de presentación de traballos escritos tendo en conta o contido, o formato e o público destinatario, utilizando un vocabulario adecuado ao contexto	
CA2.10 Resolvéronse actividades de comprensión e análise das estruturas gramaticais e comprobouse a validez das inferencias realizadas	
CA3.2 Valorouse a estrutura e o uso da linguaxe na lectura persoal dunha obra literaria adecuada ao nivel, situándoa no seu contexto e utilizando instrumentos protocolizados de recollida de información	
CA3.3 Expresáronse opinións persoais razoadas sobre os aspectos máis e menos apreciados dunha obra e sobre a implicación entre o seu contido e as propias experiencias vitais	
CA3.4 Aplicáronse estratexias para a comprensión de textos literarios, tendo en conta os temas e os motivos básicos	
CA5.1 Analizáronse as características de formación da lingua galega e da lingua castelá	RA5. Coñece a formación da lingua galega e da lingua castelá e as distintas etapas da súa historia social ata o século XIX, así como os fenómenos de contacto de linguas, sendo consciente da necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüísmo.
CA5.4 Valorouse a necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüísmo, rexeitando os prexuízos lingüísticos	

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
COMUNICACIÓN EN LINGUA INGLESA I	
CA1.1 Aplicáronse as estratexias de escoita activa para a comprensión precisa das mensaxes recibidas	RA1. Utiliza estratexias para interpretar e comunicar información oral en lingua inglesa, elaborando presentacións orais de pouca extensión, ben estruturadas, relativas a situacións habituais de comunicación cotiá e frecuente de ámbito persoal, público ou profesional
CA1.4 Identificáronse trazos fonéticos e de entoación común e evidente que axuden a entender o sentido xeral da mensaxe	
CA3.1 Leuse o texto de xeito comprensivo, recoñecendo os seus trazos básicos, o seu contido global, e analizouse a súa intención e o seu contexto	
CA3.2 Identificáronse as ideas fundamentais e a intención comunicativa básica do texto	
CA2.1 Dialogouse, de xeito dirixido e seguindo un guión ben estruturado, utilizando un repertorio memorizado de modelos de oracións e conversas breves e básicas, sobre situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible	RA2. Participa en conversas en lingua inglesa utilizando unha linguaxe sinxela e clara en situacións habituais frecuentes dos ámbitos persoal ou profesional, activando estratexias de comunicación básicas
CA2.5 Expresouse con certa claridade, utilizando unha entoación e unha pronuncia comprensibles, aceptándose as pausas e as dúbidas frecuentes, nun rexistro formal ou neutro e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada	
CA1.10 Identificáronse os costumes ou as actividades cotiás da comunidade onde se fale a lingua estranxeira	
CA1.6 Utilizáronse estruturas gramaticais básicas adaptadas a contextos diferentes (formal, non formal e situacións profesionais), e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases e palabras de situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible segundo o propósito comunicativo do texto	RA3. Elabora textos escritos breves e sinxelos en lingua inglesa, en situacións de comunicacións habituais e frecuentes dos ámbitos persoal, público ou profesional, desenvolvendo estratexias estruturadas de composición, e aplica estratexias de lectura comprensiva
CA2.4 Utilizáronse estruturas gramaticais básicas e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases, palabras e marcadores de discurso lineais, segundo o propósito comunicativo do texto	
CA3.4 Completáronse e reorganizáronse frases e oracións, atendendo ao propósito comunicativo e a normas gramaticais básicas	
CA3.5 Elaboráronse textos breves e adecuados a un propósito comunicativo, seguindo modelos estruturados	

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
SOCIEDADE I	
CA1.1 Describir mediante a análise de fontes gráficas as principais características dunha paisaxe natural, e recoñecer esas características no contorno máis próximo	RA1. Valora a evolución histórica das sociedades prehistóricas e da Idade Antiga, así como as súas relacións coas paisaxes naturais, analizando os factores e os elementos implicados, e desenvolvendo actitudes e valores de aprecio do patrimonio natural e artístico.
CA1.2 Explicar a localización, o desprazamento e a adaptación ao medio dos grupos humanos do período da hominización, ata o dominio técnico dos metais por parte das principais culturas que o exemplifican	
CA1.3 Relacionar as características dos fitos artísticos máis significativos do período prehistórico coa organización social e co corpo de crenzas, e valoráronse as súas diferenzas coas sociedades actuais	
CA1.5 Discriminar as principais características que require a análise das obras arquitectónicas e escultóricas mediante exemplos arquetípicos, diferenciando estilos canónicos	
CA1.6. Xulgouse o impacto das primeiras sociedades humanas na paisaxe natural, analizando as características das cidades antigas e a súa evolución na actualidade no territorio galego e peninsular	
CA1.7 Analizar a persistencia en Galicia, na Península Ibérica e nos territorios extrapeninsulares españois das sociedades prehistóricas e da Idade Antiga	
CA1.8. Elaboráronse instrumentos sinxelos de recollida de información mediante estratexias de composición protocolizadas, utilizando tecnoloxías da información e da comunicación.	

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	**Procedementos**: • Os procedementos de avaliación aplicados son: a observación do traballo diario (rexistrado polo profesorado), a presentación de traballos escritos e audiovisuais, fichas de prácticas...
	Instrumentos: • Os instrumentos de avaliación aplicados son: probas escritas obxectivas, táboas de observación, listas de cotexo ou control, elaboración de traballos multimedia, traballo sobre documentos gráficos e textuais...
Cualificación final	**Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso**: • Alumnos con pérdida de avaliación continua. Se a situación sanitaria o permite, realización de exames teóricos e prácticos presenciais no centro educativo na última semana do mes de maio. Se non se pode realizar de forma presencial, farase telematicamente a traves de videoconferencia (na medida do posible), nas mesmas datas e horas. A nota será a obtida nestes exames. A non presentación na data e hora acordada do exame suporá unha nota de cero na mesma. • Alumnos/as coas dúas avaliacións aprobadas. A obtención da cualificación final será o resultado da 2ª avaliación. Tras este cálculo poderase incrementar a media nun 20% máximo, sempre e cando a participación nas tarefas/actividades de seguimento, recuperación, reforzo e ampliación (realizadas de forma telemática durante a 3ª avaliación), fose regular e con unha consecución de resultados positivos nun 80%. • Alumnos/as coa 1ª e/ou 2ª avaliación suspensa. A nota final será o resultado da media das notas obtidas en cada parte da primeira e segunda avaliación: - Conservarase a nota das partes (da 1ª ou 2ª avaliacións) aprobadas, coa nota orixinal. - O alumno/a deberá recuperar as partes suspensas (de unha ou das dúas avaliacións) mediante a realización de tarefas de seguimento, recuperación e reforzo que presentará de forma telemática. - Tras o devandito cálculo a nota final poderase incrementar nun 20% máximo, sempre e cando o alumno/a presente de forma telemática as tarefas de ampliación e consolidación dos contidos esenciais da materia. • Se a situación sanitaria o permite, realizaranse probas extraordinarias escritas presenciais no centro educativo para aqueles alumnos que non conseguiron recuperar as partes suspensas por medios telemáticos.
Proba extraordinaria de setembro	• A proba extraordinaria de setembro aplicarase a aqueles alumnos/as que no acadaron unha avaliación positiva na convocatoria ordinaria logo da aplicación dos procedementos anteriormente citados. • Terase en conta:

	- Proba obxectiva escrita: 60% da nota final - Actividades de reforzo e recuperación: 40% da nota final.
Alumnado de materia pendente *	**Criterios de avaliación:**
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

- No 1º Curso da FPB non hai alumnado con material pendente.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	• Durante o 3º trimestre realizáronse actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación que serviron para afianzar os aspectos considerados esenciais e que xa foron indicados no primeiro apartado do presente documento. • Para o apartado "Comunicación en Linguas Galega e Castelá I" e "Comunicación en Lingua Inglesa I" propóñense as actividades: de comprensión e expresión de textos, documentos gráficos, resolución de propostas de tipo ortográfico, gramatical, léxico, sintáctico... • Para o apartado "Sociedade I" propóñense actividades de comprensión e expresión de textos, resolución de propostas de cuestións breves e longas, interpretación de documentos gráficos (mapas, imaxes...)...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	• O profesorado aplica unha metodoloxía activa baseada na comunicación directa co alumnado e un seguimento do seu proceso formativo proporcionando actividades que lle permiten adquirir as aprendizaxes competencias imprescindibles. • O contacto realízase a través dos seguintes medios: correo electrónico, plataforma EdModo...
Materiais e recursos	• Os materiais e recursos utilizados nas actividades do 3º trimestre son, ademais dos libros de texto, documentos textuais, gráficos e audiovisuais proporcionados polo profesorado, atendendo aos distintos niveis e ritmos de aprendizaxe do alumnado. Tales materiais inciden na adquisición das competencias básicas.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informaremos ao alumno/a e ás familias por correo electrónico que a programación didáctica do curso 2019-2020 está publicada na páxina web do centro.
Publicidade	Publicaremos a adaptación da programación didáctica do curso 2019-2020 na páxina web do centro.